



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 27 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00020588B.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia 2022/00012126J. Iniciación de procedemento, aprobación da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022/2023.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2022/2023 e que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SEGUNDO: Aprobar o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de de **665.000 €**, dos cales, 197.569,35 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/22 (contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes os meses de setembro a novembro do 2022, e as bolsas de material escolar) e os 467.430,65 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2023 (contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes aos meses de decembro do 2022 e xaneiro a xuño do 2023).

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A efectividade desta contía adicional, queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se fora o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

TERCEIRO: Adxúntase informe relativo ao expediente de aprobación das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023, no que se autoriza levantar as limitacións expostas como regra xeral para a documentación relativa á xustificación das subvencións, emitido pola Concelleira Delegada de Economía e Facenda, con data 20 de abril do 2022.

3. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia 2022/00020607F. Iniciación Conclusións do informe de intervención municipal número 446/2022, sobre proposta de nomeamento de persoal funcionario interino no concello de Santiago de Compostela mediante resolución 2022/3297. Acórdase validar as actuacións previas ao nomeamento de tres funcionarios interinos.